

## Acordos da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

A Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE), na súa xuntanza ordinaria celebrada o día 17 de febreiro de 2020, acordou<sup>1</sup>:

- Aprobar as actas da Xunta de Escola ordinaria do 17 de decembro de 2019 e extraordinaria do 28 de xaneiro de 2020.
- Aprobar a planificación docente anual (PDA) do Grao en Enxeñaría Aeroespacial para o curso 2020-2021.
- Aprobar a lista priorizada de departamentos para asumir a docencia no curso 2020-2021.
- Aprobar o límite de prazas de novo ingreso e por recoñecemento de créditos no Grao en Enxeñaría Aeroespacial.
- Renovar os cargos de xestión e apoio ao centro:
  - Coordinador de grao e de diversidade: Arno Formella.
  - Coordinadores/as de curso: J. R. Salgueiro (1º), C. Cerdeiriña (2º), E. Martín (3º), C. Ulloa (4º).
  - Coordinadora de calidade: Begoña Cid.
  - Enlace de igualdade: Nieves Lorenzo.
  - Coordinador de promoción: Higinio González
  - Coordinadora de mobilidade: Nieves Lorenzo.
  - Coordinadora de prácticas: Elena Martín.
  - Coordinador de TFG: Carlos Ulloa.
- Aprobar a distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.
- Aprobar a delegación na Comisión Permanente da aprobación do informe anual de revisión pola dirección, previo informe aos/ás membros da Xunta de Escola.
- Aprobar unha declaración de interese para a verificación do Máster en Sistemas Aéreos Non Tripulados.
- Aprobar a versión corrixida da memoria do Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica.

Ourense, 17 de febreiro de 2020

O secretario

Ángel Paredes Galán

<sup>1</sup>Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección. Estes acordos publícanse nunha data anterior á da aprobación da acta da sesión. O presente escrito será publicado oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 19 de febreiro de 2020